



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ORDINARIA do 22 de AGOSTO de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

13.- PROPOSTA PARA A APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN E APROBACIÓN DA “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO AUTONÓMICO ÁS ESTANCIAS TURÍSTICAS”. EXPTE. 3303/500.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/08/2025, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O 1 de xaneiro do 2025 entrou en vigor a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024), que creou o imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, pero estableceu unha bonificación do 100% da cota tributaria (artigo 17), deixando en mans dos concellos galegos a decisión de establecer a contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas, dentro dos topes que sinala o seu artigo 16, mediante un recargo sobre o imposto autonómico. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal, como sinala o artigo 24 desta Lei.

II.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas (54) en data 12 de agosto de 2025.

MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

- Constitución española
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/08/2025 09:58	Páxina 1 de 5
3303-500	CSV: AEAC8F-CHA7AA-B5824B-LJWNMK-M8UN95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeira.- O Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), constitúe o marco regulador da exacción de tributos por parte das facendas locais. O artigo 2.1 do mesmo texto legal permite esixir recargos sobre os impostos das comunidades autónomas. Tamén o artigo 38.1 do TRLFL contempla que as entidades locais poidan establecer recargos sobre os impostos propios da respectiva comunidade autónoma.

En Galicia, a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024) creou o imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, imposto que ten finalidade extrafiscal e grava a especial capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto pola súa estancia en calquera aloxamento turístico (establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, vivendas turísticas, vivendas de uso turístico, campamentos, establecementos de turismo rural e albergues turísticos) e polo fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realicen escala nun porto ubicado na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 12 da citada Lei).

Aínda que esta Lei creou este imposto, estableceu unha bonificación do 100% da cota tributaria (artigo 17), deixando en mans dos concellos galegos a decisión de establecer a contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas, dentro dos topes que sinala o seu artigo 16.

Esta Lei 5/2024 establece no seu artigo 24 a previsión normativa que habilita aos concellos de Galicia, en execución da súa autonomía municipal, ao establecemento dun recargo municipal sobre as tarifas establecidas na mesma. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal.

A crecente actividade turística na cidade exerce presión no custo da prestación dos servizos públicos municipais (vixilancia, seguridade, limpeza viaria, xestión de residuos...), o que implica mesmo a necesidade de reforzalos e de realizar investimentos adicionais. Faise necesario pois equilibrar e compatibilizar este auxe turístico e a actividade turística do municipio, orientada a un modelo de turismo responsable e sostible, coa garantía da sostenibilidade dos servizos públicos municipais.

Ante esta situación procede, por tanto, a obtención de fontes de financiamento que permitan o achegamento á facenda do Concello de Vigo de fondos adicionais aos que aporta a cidadanía viguesa residente e o seu investimento nun modelo de turismo sostible, responsable e de calidade.

O cumprimento do principio de xustiza tributaria que consagra o artigo 31 da Constitución (*“Todos contribuirán ao sostemento dos servizos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto”*) aconsella o reparto das cargas públicas de xeito equitativo e que contribúan ao seu sostemento as persoas visitantes que desfrutan temporalmente dos servizos públicos municipais. Á vez, como sinala esta Lei 5/2024, estes fondos destinaranse como mínimo nun 80% a inversións e gastos vinculados á promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento dun modelo de turismo sostible.

Segunda.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/08/2025 09:58	Páxina 2 de 5
3303-500	CSV: AEAC8F-CHA7AA-B5824B-LJWNMK-M8UN95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

No presente caso, tratándose dun procedemento de elaboración e aprobación dunha ordenanza fiscal, resúltalle de aplicación o disposto nos artigos 15 e seguintes do TRLRFL, sen prexuízo de ter en conta a regulación específica contida na propia Lei 5/2024, do 27 de decembro de 2024, de medidas fiscais e administrativas, que esixe expresamente o trámite de consulta previa.

Terceira.- O artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro de 2024, de medidas fiscais e administrativas, regula a potestade dos concellos de establecer un recargo municipal, como ingreso propio, sobre o imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo no seu apartado 2 a seguinte previsión: *“No procedemento de elaboración deberá, en particular, garantirse a consulta, a participación e a audiencia das organizacións e asociacións representativas do sector turístico sobre os problemas que se pretenden solucionar coa norma, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos dela e as posibles solucións alternativas”*.

Debe considerarse pois a anterior previsión normativa e o disposto no artigo 133.1 da LPACAP no tocante á tramitación dos anteproxectos de lei ou regulamentos, que dispón que: *“Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:*

- a) os problemas que se pretende solucionar coa iniciativa*
- b) a necesidade e oportunidade da súa aprobación*
- c) os obxectivos da norma*
- d) as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias”*

Cuarta.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos, polo que fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 24.2 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para a elaboración e aprobación da “Ordenanza fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas (54)” e no artigo 133 da Lei 39/2015, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org> durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren e, particularmente, as organizacións e asociacións representativas do sector turístico, poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I ao presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a apertura do trámite na sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar publicidade ao presente acordo a través da intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/08/2025 09:58	Páxina 3 de 5
3303-500	CSV: AEAC8F-CHA7AA-B5824B-LJWNMK-M8UN95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I.- Consulta pública

Problemas que se pretendan solucionar coa norma	O crecemento exponencial da chegada de turistas e visitantes a Vigo nos últimos anos ven exercendo unha crecente presión sobre os servizos públicos prestados polo Concello. Resulta necesario, polo tanto, compatibilizar a actividade turística cun desenvolvemento ordenado da cidade e coa garantía da sostibilidade dos servizos públicos municipais. A mellora e diversificación da actividade turística do municipio, orientada a un modelo de turismo responsable e sostible, require a obtención de fontes de financiamento adicionais ás que achega a cidadanía viguesa residente que permitan o investimento deses fondos públicos na promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento dun modelo de turismo responsable e sostible.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024) contén a regulación do imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, que grava a singular capacidade económica das persoas físicas visitantes posta de manifesto pola súa estancia en calquera aloxamento turístico (establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, vivendas turísticas, vivendas de uso turístico, campamentos, establecementos de turismo rural e albergues turísticos) e polo fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realicen escala nun porto ubicado na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 12 da citada Lei). Esta Lei autonómica establece a previsión normativa que habilita aos concellos de Galicia para o establecemento da contía a percibir polas estancias turísticas na cidade polas persoas visitantes, dentro das marxes fixadas por dita Lei. Para isto, é necesaria a aprobación do instrumento normativo sometido a consulta, resultando oportuna a tramitación dunha ordenanza fiscal por permitir obter as fontes de financiamento necesarias para investir nun turismo responsable e sostible, de xeito coherente co principio de xustiza tributaria que aconsella repartir as cargas públicas de modo equitativo a visitantes que desfrutan temporalmente dos servizos públicos municipais.
Obxectivos da norma	- Desenvolver a normativa autonómica vixente para grabar os feitos impositivos previstos na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas realizados polas persoas visitantes á cidade de Vigo. - Garantir un modelo de turismo sostible e responsable na cidade de Vigo, finalidade acorde ao establecido no artigo 24.4 da mencionada Lei 5/2024, que dispón que “os ingresos do recargo estarán afectados, como mínimo nun 80%, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, o impulso, a protección, o fomento e o desenvolvemento do turismo sustentable, na forma que se determine na ordenanza”. - Cumprir o principio de xustiza tributaria mediante o reparto das cargas públicas de xeito equitativo para que as persoas visitantes contribúan ao sostemento dos servizos públicos municipais dos que



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/08/2025 09:58

Páxina 4 de 5

3303-500

CSV: AEAC8F-CHA7AA-B5824B-LJWNMK-M8UN95-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

	desfrutan temporalmente .
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Non se teñen identificado solucións alternativas, regulatorias ou non regulatorias, que permitan regular o establecemento dun recargo municipal sobre o imposto sobre as estancias turísticas na cidade de Vigo. Como se ven de xustificar nos antecedentes e pola súa natureza tributaria, o establecemento do recargo e a determinación da contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas é unha materia reservada a ordenanza fiscal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

PSD/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/08/2025 09:58	Páxina 5 de 5
3303-500	CSV: AEAC8F-CHA7AA-B5824B-LJWNMK-M8UN95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		